

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Filoloxía e Tradución
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

## **Xustificación do Resultado:**

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

## **Cumprimento do proxecto establecido:**

En xeral este criterio cumprese na maior parte dos apartados, cas características seguintes:

1. A organización e desenvolvemento resulta conforme respecto a Memoria verificada. Non se puido acceder á documentación sobre as accións de coordinación.
2. Información e transparencia: A web do título resulta diáfana e intuitiva, pero carece de certa información relevante. A idea de plantear a web solo por centro e non facer distincións entre os títulos é máis clara, pero se sacrifica demasiada información relevante. O apartado de Calidade manifesta un elevado cumprimento da mesma.
3. O Sistema de Garantía de Calidade non se contempla debido a que o centro ten certificado de Calidade.
4. Os Recursos humanos e materiais coinciden ca Memoria verificada. Recoméndase a inclusión na web dun apartado dos recursos materiais e servizos.
5. Os resultados de aprendizaxe: Non se realizan dun xeito exhaustivo, probablemente porque solo hai dous cursos implantados.
6. Os indicadores de rendemento. Non se realizan polo motivo anterior. Recoméndase unha análise relativa a matrícula.

## **Plan de melloras do título:**


O plan de melloras que presenta a Facultade de Filoloxía e Tradución, en xeral, e relativo a este título, en particular, mostra un elevado rigor e reflexión da titulación. Nel, os puntos febles son coherentes cas accións de melloras, e as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora. Tamén os prazos e responsables son os axeitados e moitas desas accións xa están executadas. No informe de Revisión pola Dirección existe unha reflexión do estado da cuestión do Plan de Melloras moi ilustrativo e esclarecedor.

Non obstante, hai algúns puntos febles que se indican neste informe que deben considerarse, como a ampliación de información pública do centro.

## **Modificacións do plan de estudo:**

Solo se inclúen tres competencias novas.

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

<input type="checkbox"/> <b>Conforme excelente</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b>
<input type="checkbox"/> <b>A</b>	<input type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>D</b>
	<input checked="" type="checkbox"/> <b>C</b>	

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	C
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	B
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	Das 3 materias elixidas aleatoriamente (Introdución ás ciencias humanas e sociais, Historia das Culturas Ibéricas e Latín e Cultura Grecolatina) compróbase que os campos das competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación están correctamente cumprimentados nas dúas linguas e son coherentes coa memoria.
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	No informe de seguimento inclúense as actas da Comisión de Calidade, pero non as de Xunta de Titulación. O acceso as actas da Comisión de Calidade non está permitido. Tampouco é posible acceder aos informes da coordinación que figuran na plataforma

### 1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Imposibilidade de acceso á documentación sobre á coordinación. Existe o documento pero non é accesible		

### 1.1.2 Valoración do Criterio:

**Organización e Desenvolvemento B**

### 1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Tipo		

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	<b>C</b>	<p>A información sobre o título, a nivel xeral, está actualizada, é accesible e intuitiva.</p> <p>-Se ben a Estrutura do programa formativo está contida nas guías docentes, no documento xenérico, non se explican ben como o estudiantado pode organizar o seu itinerario. Resulta evidente que hai nove módulos, pero a hora de explicar como se combinan as materias inclúese do 1 ao 7 módulo e o 1º e 2º.</p> <p>- O contido das competencias entre a Memoria e as Guías docentes é coincidente.</p> <p>-Os horarios e as aulas están no mesmo documento e son facilmente accesibles. Non sucede o mesmo cos exames, xa que o non vir estruturados por títulos, senón por convocatorias, resultan menos intuitivos. De feito solo se poido localizar as datas de xullo.</p> <p>-Do Traballo fin de grao solo se inclúe a normativa, non hai información sobre as comisións, temáticas, nin convocatorias.</p>
A información do SGC é completa?	<b>A</b>	<p>No apartado de Calidade do centro atópase dun xeito accesible toda a información específica: Manual, procedementos, resultados, seguimento, e política e obxectivos de calidade</p>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	<b>B</b>	<p>No apartado dos recursos humanos a información pública do título é útil, intuitiva e actualizada no que respecta ao profesorado, que tamén aparece agrupado por centro e non por título. A información que contén a ficha en pdf é suficiente, pero conviría revisala, porque algunhas fichas aparecen os datos descadrados; algunhas inclúen fotografías e outras non. Sen embargo non hai ningunha información sobre o PAS. Tampouco existe algún apartado que describa os recursos materiais do centro.</p>
A información dos resultados é completa	<b>A</b>	<p>O informe de Revisión pola Dirección é coherente, comprensible e inclúe información actualizada. O feito de que este título estea en fase de implantación repercute nun análise máis reducido que o resto, situación derivada da lóxica menor información. Non se menciona o número de prazas cubertas neste título.</p>

## 1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Dificultade de acceso ás datas de exame de cada grao		Dispoñer a información por títulos e non por convocatorias
A información sobre o TFG é escasa, solo inclúe o regulamento		Completar a información (convocatorias, tribunais, liñas, comisión...)
A información sobre o profesorado é dispar, algúns pdf inclúen información suficiente e outras moi escasa. O mesmo sucede ca foto.	Segui15	Igualar a información que se subministra sobre o profesorado
Non hai información sobre o PAS do centro		Incluír os datos máis significativos
Non existe información sobre os recursos materiais	Segui16	Incluír os espazos máis significativos (aulas, laboratorios...)

## 1.2.2 Valoración do Criterio:

<b>Información e Transparencia</b>	<b>C</b>
------------------------------------	----------

## 1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	Web do centro	No plan de mellora figura unha acción (seguir9) de redeseño da web cara a facela máis atractiva e mellorar a consultabilidade. Neste cambio influíu a idea dunha gran exhaustividade na información pública previa (certifica15). Enténdese que a redución foi excesiva, e suxírese equilibrala nos aspectos comentados no apartado anterior.
Fortaleza	Web do centro	No plan de melloras recóllese unha acción (seguir25) de realizar unha páxina web específica do grao

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Centro certificado
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Centro certificado

### 1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

### 1.3.2 Valoración do Criterio:

**Sistema de Garantía de Calidade** **A**

### 1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		Ter a implantación do sistema de garantía interna da calidade do centro certificado

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

<b>Evidencias:</b>	<b>Descrición</b>
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Non se constata unha análise pormenorizada por título. Coméntase que todos os graos superaron a media da UVigo, en concreto deste título indícase: “algo baixo do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Superar estas puntuacións ha de constituír un reto para o conxunto do profesorado”
<b>Indicadores:</b>	<b>Descrición</b>
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Dado que as enquisas de satisfacción entre o estudantado realizouse en 3º curso. Non temos resultados deste título. No caso do profesorado alcánzanse os obxectivos e analízase de xeito global, a nivel centro
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	A análise dos resultados é coherente e realízase a nivel global do centro. Non se indica o grao de participación, nin a evolución

**1.4.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Escaso análise das EAD		Analizar máis polo miúdo os resultados das EAD

**1.4.2 Valoración do Criterio:**

**Recursos Humanos B**

**1.4.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E16-E11 E-18-E12	Os recursos humanos son suficientes para desenvolver as actividades docentes e administrativas descritas na memoria
Recomendacións para a mellora		Analizar no informe de Revisión pola Dirección os resultados do EAD incluíndo índice de participación e evolución

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Dado a recente implantación deste título, non hai enquisas de satisfacción

### 1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Ausencia na web de información sobre os recursos materiais	Seguído	Incluir na web un apartado sobre os recursos materiais

### 1.5.2 Valoración do Criterio:

**Recursos Materiais e Servizos** **B**

### 1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E20-E14	Os recursos materiais son adecuados para o desenvolvemento do título



**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	Dado que o título solo leva dous anos, aínda non existe este dato
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Non hai ningunha análise da cualificación por materias, referida a este título, enténdese que non hai ningún problema detectado. Indícase que a porcentaxe de avaliación é 76.62, pero non se realiza ningunha reflexión asociada  Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias

**1.6.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non existe reflexión sobre os resultados. Quizás por solo ter dous cursos implantados		Realizar unha reflexión sobre as porcentaxes existentes

**1.6.2 Valoración do Criterio:**

**Resultados de Aprendizaxe B**

**1.6.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E27	Non existe análise sobre os resultados acadados

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	Non existen enquisas de satisfacción relacionadas con este título
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	Dado que solo hai dous anos de implantación da titulación. Solo hai resultados dos seguintes items: rendemento 67,69 e éxito 88,35. No Informe de Revisión pola Dirección non se analizan, solo se expoñen.
<b>Indicadores:</b>	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	No informe de Revisión pola Dirección non figuran datos sobre la evolución da matrícula. Consultados os indicadores obsérvase que hai un incremento en número de matriculados no presente curso, estando moi próximo ao número esixido no decreto da Xunta. No PAM inclúense medidas para continuar con esta tendencia alcista.
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Non existen enquisas de satisfacción relacionadas con este título
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Dado que solo hai dous anos de implantación da titulación. Solo hai resultados dos seguintes items: rendemento 67,69 e éxito 88,35. No Informe de Revisión pola Dirección non se analizan, solo se expoñen.
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	A relación entre a oferta (50 presenciais e 10 semipresencias) non se cumpriu no curso 14-15, no que o número de novo ingreso é de 34. Sen embargo, no presente curso 15-16 apréciase unha subida ata os 45. En consecuencia no PAM (seguí23) propónse unha adaptación do número de prazas ofertadas a 40.

### 1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se inclúe unha análise sobre a matrícula no Informe de Revisión pola Dirección. No PAM recóllese a necesidade <sup>3</sup> de campañas de promoción e crear unha web específica do grao	Seguí24, Seguí25 e Seguí 26	Presentar e analizar os datos referidos a matrícula

## 1.7.2 Valoración do Criterio:

### Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

## 1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	<b>I01 e I12</b>	<b>Non existe reflexión sobre a relación entre prazas ofertadas e cubertas, nin sobre a evolución da matrícula</b>

## 1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

- Conforme excelente**       **Conforme**       **Non Conforme**  
 **A**       **B**       **D**  
     **C**

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<b>B</b>	Aínda que o Plan de Melloras do título e do centro presenta un elevado grao de rigorosidade e detalle, hai certas accións que deben incluírse, como o incremento de certos items na información pública.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	<b>A</b>	O plan de melloras que presenta a Facultade de Filoloxía e Tradución, en xeral, e relativo a este título, en particular, mostra un elevado rigor e reflexión da titulación. Nel, os puntos febles son coherentes cas accións de melloras, e as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora. Tamén os prazos e responsables son os axeitados e moitas desas accións xa están executadas. No informe de Revisión pola Dirección existe unha reflexión do estado da cuestión do Plan de Melloras moi ilustrativo e esclarecedor.

### 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	<b>PAM</b>	O plan de melloras que presenta a Facultade de Filoloxía e Tradución, en xeral, e relativo a este título, en particular, mostra un elevado rigor e reflexión da titulación. Nel, os puntos febles son coherentes cas accións de melloras, e as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora. Tamén os prazos e responsables son os axeitados e moitas desas accións xa están executadas. No informe de Revisión pola Dirección existe unha reflexión do estado da cuestión do Plan de Melloras moi ilustrativo e esclarecedor.

## 2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

## 3. Modificacións do plan de estudos

### 3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado  
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

### 3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	